

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

RESOLUCIÓN DO 15 DE MAIO DE 2015, POLA QUE SE AUTORIZA UN PLAN EXPERIMENTAL DE PESCA CON TRASMALLOS PARA AS CONFRARÍAS DE PESCADORES DA RÍA DE PONTEVEDRA, PARA OS ANOS 2015, 2016 E 2017

Feitos:

Con data 15 de maio de 2015 a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega a solicitude das Confrarías de Pescadores de Lourizán, Pontevedra e Raxó, de autorización dun plan experimental de pesca con trasmallos na Ría de Pontevedra, por dentro das liñas de referencia do anexo III establecidas no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de ampliar o período de traballo con esta arte no ano 2015 e fixar os períodos de comezo e final do período de actividade dos anos 2016 e 2017.

Con data 7 de xaneiro de 2015 solicítase o informe técnico correspondente.

Fundamentos técnicos e xurídicos:

O artigo 50.3 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decreta a veda temporal dalgunha especie ou zona.

O artigo 3º.3 de dito Decreto, dispón: "Autorizarase o uso de artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas diferentes aos regulados neste Decreto mediante plans experimentais".

Asemade, na disposición transitoria terceira, especificábase que os plans experimentais referidos no artigo 3º.3, manteñen a regulación prevista no artigo 3º bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, do 17 de decembro, ata que non se aprrobe a norma que o



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 - Fax 981 544 740

substitúa.

O artigo 3.2 do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que modifica o Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, establece que a Consellería de Pesca (a día de hoxe Consellería do Medio Rural e do Mar) poderá, con carácter experimental e temporal, aprobar plans de pesca co obxecto de estudar os efectos derivados da utilización de novas artes e aparellos, ou da modificación da regulación dos definidos neste regulamento, cara a unha mellor xestión dos recursos pesqueiros.

Os informes técnicos indican que:

“O feito de que as embarcación modifiquen o horario establecido no Decreto 15/2011, e realicen a súa actividade dende dúas horas do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres non semella ser prexudicial para o estado do recurso en ningunha época do ano.

O establecemento dunha veda para os trasmallos por dentro dos límites do anexo III da ría de Pontevedra, se ben non semella ser biolóxicamente necesaria (o esforzo de pesca da flota autorizada é moi baixo durante ese período e as tallas da xiba neses meses son relativamente grandes) calquera restrición que se poida adoptar para as zonas mais interiores das rías sempre serían beneficiosas cara a optimizar o recurso.”.

Doutra banda, a evolución cambiante das condicións do ciclo biolóxico da especie obxectivo desta arte por dentro do Anexo III na Ría de Pontevedra, así coma a optimización das condicións de comercialización a carón de acadar a maior rendibilidade dos recursos pesqueiros, fai conveniente establecer o presente plan experimental, para avaliar a repercusión que os cambios propostos nas épocas de traballo nos horarios e nos períodos de veda, establecidos por dentro do Anexo III na Ría de Pontevedra, poden ter tanto sobre as poboacións de xiba na zona e as súas condicións de reprodución e recrutamento como sobre a rendibilidade económica e a mellora das condicións de traballo dos profesionais que utilizan o trasmallo na Ría de Pontevedra.

Do mesmo xeito, considérase conveniente estender este plan a un período maior ao dun ano, co fin de acadar un máis preciso nivel de coñecemento da dinámica reprodutiva da especie obxectivo así como da influencia que o presente plan pode exercer tanto sobre a propia a especie coma sobre a economía dos profesionais implicados no mesmo; a duración do plan queda establecida no presente ano e nos dous anos seguintes, 2016 e



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

2017.

A Resolución do 4 de maio de 2012, de delegación de firma no secretario xeral do Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar, establece no seu artigo 1 que: "Delégase a firma dos seguintes actos e resolucións ditados en virtude das competencias propias da persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar, na persoa titular da Secretaría Xeral do Mar:" "e): A aprobación de plans experimentais de pesca a que fai referencia o artigo 3 bis do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que aproba o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia."

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Aprobar o plan experimental de pesca con *trasmallos* para as embarcacións das confrarías de pescadores da Ría de Pontevedra, baixo os seguintes termos e condicións:

1º.- Participantes.- Unicamente participarán no plan aquelas embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT que posúan no seu permiso de explotación a arte de *trasmallos* e que, ademais, teñan porto base na zona xeográfica II de Pontevedra, así como aquelas que teñan autorizado un cambio temporal de modalidade á citada arte, debendo solicitar expresamente a súa inclusión ao presente Plan.

2º.- Arte.- A arte a utilizar será o *trasmallo*, que se axustará ás seguintes características recollidas no artigo 48 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. A dimensión de mallas autorizada dos panos exteriores do *trasmallo* estará comprendida entre 400 e 500 milímetros, e a do pano central entre 70 e 90 milímetros. Estas dimensións máximas de malla poderán superarse sempre que a altura da arte non supere o establecido no punto 2 deste artigo.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740**galicia**

2. Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen o trasmallo terá unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima, logo de armada, entre trallas ou relingas de 2,5 metros.

3. A lonxitude máxima total do trasmallo que se calará por embarcación e día será de 10 pezas por embarcación, máis 10 pezas por tripulante enrolado e a bordo, cun máximo por embarcación de 30 pezas.

3º.- **Horario.**- O horario de traballo será exclusivamente **nocturno**. Os trasmallos, dende o luns ao venres, poderán estar calados dende dúas horas antes do ocaso e levantarase como máximo dúas horas despois do orto; o domingo poderanse calar ao finalizar o período de descanso semanal; en calquera caso, diariamente serán transportados a porto coa embarcación.

As embarcacións deberán cesar na súa actividade dúas horas despois do orto do venres ata o fin do período de descanso semanal.

4º.- **Descanso semanal.**- O descanso semanal establécese dende o cese da actividade do venres ata as 12'00 horas da mañá do domingo seguinte.

5º.- **Especies.**- As especies obxecto da captura serán a xiba e especies acompañantes que deben estar en época de extracción e superar a talla mínima legalmente establecida.

6º.- **Zona de traballo.**- A zona de traballo será a máis de 100 metros da costa ou 5 metros de profundidade, podendo faenar dentro das liñas de referencia do anexo III do Decreto 15/2011, dende punta Moa a punta das Sinas.

7º.- **Época autorizada.**- A época autorizada abranguerá dende:

- Para o ano 2015, dende o día 17 de maio de 2015 ata o 12 de xuño de 2015.
- Para o ano 2016, dende o día 1 de febreiro do 2016 ata o 15 de xuño de 2016.
- Para o ano 2017, dende o día 1 de febreiro do 2017 ata o 15 de xuño de 2017.

Establécese a prohibición do emprego da arte de trasmallos e a captura de xiba na Ría de Pontevedra para calquera embarcación autorizada ao emprego desta arte, por dentro das



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 - Fax 981 544 740

liñas de referencia do anexo III establecidas no anteriormente citado Decreto 15/2011, dende o día seguinte ao do final da época autorizada para cada ano ata o 31 de decembro dese ano e ata o día anterior ao inicio da época autorizada do ano seguinte establecidas no presente plan.

8º.- Puntos de control e venda.- Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

9º.- Control e seguimento da actividade pesqueira.-

A) Despachos telemáticos.- As embarcacións que faenen acolléndose ao Plan, deberán despachar no apartado de adhesión a plan de explotación: ["TRASMALLOS (07A) PLAN EXPERIMENTAL TRASMALLOS 2015-2017 (RÍA DE PONTEVEDRA)"]. Polo tanto, as embarcacións que despachen a un plan de explotación só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de "*pendente rexistro actividade*".

B) Seguimento da actividade pesqueira.- Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. **A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.**

Así mesmo, complementariamente ás medidas de control para a pesca profesional recollidas no devandito plan experimental de trasmallos, debemos subliñar que esas medidas son aplicables no ámbito de pesca marítima de recreo, tal e como se recolle no artigo 26.1 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia.

10º.- Extracción e comercialización.- O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estricto cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 - Fax 981 544 740**galicia**

11º.- **Infraccións e sancións.**- O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Segundo o establecido no artigo 10 da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, queda prohibida a comercialización de calquera especie de salmónidos non procedentes de centros de produción autorizados en toda época, fose cal fose o sistema de captura.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A conselleira

P.D. sinatura (Resolución 04/05/2012)

O secretario xeral do Mar



Juan Carlos Maneiro Cadillo

